

Prezadas nais, país, titoras ,titores legais do alumnado do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza.

De acordo coa lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes do sector nais, pais, titoras, titores legais no **Consello Escolar** ( órgano de participación do goberno do centro dos diferentes membros da comunidade educativa ).

### **Instrucións para participar nas eleccións**

- **Poden votar** todas as nais, pais, titoras, titores legais do alumnado matriculado no centro.
- **Son elixibles** todas as persoas do sector nais ,pais ,titoras e titores legais que se presenten como candidatas.
- Tanto para votar como para presentarse como candidatas/os é necesario estar inscrito no **censo electoral** (pode presentarse reclamación ao mesmo na secretaría do centro).
- Nesta ocasión **elíxese 1 persoa representante deste sector**, a outra persoa é designada pola ANPA (se quedase deserto, elixiríanse 2).
- O voto será **secreto, directo e non delegable**.
- Para votar **identificarse con DNI, NIE** ou outro documento acreditativo equivalente.
- Pode votarse por un máximo de 1 nome.

**Datas e prazos das eleccións:**

9 de novembro	Publicación provisional dos <b>censos</b> dos sectores educativos citados.
Do 20 ao 22 de novembro	Prazo de presentacións de <b>reclamacións ao censo, que rematará o 22 de novembro ás 13:00 h.</b> Presentaranse na secretaría do centro.
Do 9 ao 21 de novembro	Prazo de <b>presentación de candidaturas.</b> Presentaranse na secretaría do centro
22 de novembro	Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de <b>reclamacións</b> , que é de 2 días naturais. Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. Sorteo público da designación dos <b>membros das mesas electorais.</b>
Do 25 de novembro ata o 28 de novembro.	<b>Campaña electoral</b> nos diferentes sectores.
<b>Martes 29 de novembro</b>	Realización das <b>VOTACIÓNS:</b> - As Nais, pais e titores legais votarán de 09:45 h. a 11:30 h. e de 15:30 h. a 17:00 h. - Profesorado de 13:30 a 14:00 h.
Mércores 30 de novembro	Proclamación de candidatos/as electos.
Xoves 1 de decembro	Reunión de constitución do novo CE.